



Concello de Mugardos
(A Coruña)

ANEXO II
SOLICITUDE

PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS	
Praza:	
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	

EXPOÑO

– Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal, mediante a contratación de persoal laboral temporal, da praza de referencia. – Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas correspondentes bases específicas da convocatoria. – Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas bases específicas da convocatoria. – Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.
--

DECLARACIÓN RESPONSABLES

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade: - Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da praza obxecto da convocatoria. – Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. – Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo. - Que o modelo de solicitude de participación no proceso selectivo presentado para participar na presente convocatoria é o facilitado pola entidade convocante.

OUTRAS DECLARACIÓN RESPONSABLES (marcar no seu caso)

☐	Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade que estou en posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia ou en condicións de obtela como máximo á data de remate do prazo de presentación de instancias (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo “Windows” o paquete ofimático “Office”).
--------------------------	---

Por todo iso, **SOLICITO**

☐	A miña admisión no correspondente proceso selectivo.
☐	A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade
☐	Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:
☐	Dispor do texto das probas en lingua castelá.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Mugardos, _____ de _____ de 202 _____
Sinatura: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

☐	Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.
☐	Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.
☐	Copia do permiso de condución esixido na convocatoria
☐	Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.
☐	Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.
☐	Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo
☐	Acreditación de atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva de posto e a incapacidade sexa revisable
☐	Certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade (persoas que teñan solicitado a adaptación de tempo e/ou medios nos procesos selectivos).
☐	Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais (soamente para o acceso a aquelas prazas que impliquen contacto habitual con menores).
☐	Certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia. (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo “Windows” o paquete ofimático “Office”).

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.